

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL SANITARIO PARA FACER FRONTE A PANDEMIA DA COVID-19

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **Dña. Fabiola García Martínez**, conselleira de Política social, actuando en nome e representación desta, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional.

A evolución da pandemia en Galicia determinou que o Consello da Xunta, na súa reunión do 13 de marzo de 2020, declarara a a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activara o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego).

Paralelamente, polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que se prolongou ata o 21 de xuño.



Nestes meses, a pandemia evolucionou con enorme rapidez, tanto a nivel nacional como internacional, de tal xeito que deu lugar a unha crise sanitaria de extraordinaria amplitude e gravidade, tanto polo gran risco de contaxios como polo elevado número de persoas afectadas, coa conseguinte presión sobre os servizos tanto sociais como sanitarios.

Esta crise sanitaria determinou que o Servizo Galego de Saúde tivera que proverse dunha inxente cantidade de material sanitario para que os seus centros sanitarios puideran prestar unha adecuada atención.

Inicialmente e ante a precariedade do mercado, centralizouse a compra de material, non so para atención sanitaria nos hospitais e centros de saúde, senón tamén para a subministración de Residencias de Terceira Idade, Centros de día, Escolas Infantís, e demais centros dependentes da Consellería de Política Social.

II. O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Exerce, pois, o goberno, a dirección e a xestión dos centros, e entre outros coordina a xestión dos recursos materiais e financeiros que teña asignados e exercerá as funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

No marco destas atribucións, o Servizo Galego de Saúde está a desenvolver as actuacións de subministración de material sanitario para a loita contra o COVID-19.

III. A Consellería de Política Social configúrase, de acordo co disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, como o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e as persoas maiores, a promoción a autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia entre outras.

Neste senso, a Consellería de Política Social, ten ao seu cargo, diversos centros socio sanitarios e sociais que atende colectivos vulnerables ante a enfermidade provocada pola pandemia, como é o das persoas maiores, polo que precisa de uso de material sanitario para facer fronte a pandemia do COVID-19.

IV. A optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación das unidades administrativas son os principios básicos que guían a actuación da Administración pública de Galicia.

V. Estando prevista que a situación de crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19 se alongue no tempo e tendo en conta que o mercado actual de determinado material



sanitario para facer fronte á pandemia se atopa nun momento de gran tensión, derivada dunha forte demanda internacional, debe pórse en marcha a adquisición centralizada do dito material sanitario.

VI. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, é necesario a concorrencia de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Política Social para a subministración de material sanitario para facer fronte á pandemia da COVID-19.

Segunda. Obrigas das partes

1. A Consellería de Política Social obrígase a realizar as seguintes actuacións:

1. Prestar a axuda e colaboración técnica necesaria cando lle sexa requirida polo Servizo Galego de Saúde.

2. Achegar información das cantidades previstas de consumo, e demais información que o Servizo Galego de Saúde considere necesaria para a subministración ou compra.

3. Remitir ao Servizo Galego de Saúde a documentación dispoñible sobre estas actuacións.

4. Facilitar un espazo onde entregar e almacenar a mercancía.

5. Asumir, no caso de que así se requirise, a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias, que poidan ser necesarias e deban ser cumprimentadas pola Consellería de Política Social.

6. Recibir a mercancía e dar a conformidade, asinar albarás de entrega e recibir as facturas e tramitar os pagos das mesmas ou realizar as transferencias oportunas en función da contía requirida polo Servizo Galego de Saúde.



7. Facilitar a información ao Servizo Galego de Saúde da mercancía recibida a fin de dar por finalizado o procedemento.

2. O Servizo Galego de Saúde obrígase a realizar as seguintes actuacións:

1. Realizar os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adxudicación e compra, ou calquera outro tipo de adquisición, como pode ser a aceptación de doazóns ou a subministración dende os servizos centrais do Estado.

2. Calquera competencia que lle corresponda en virtude da normativa de aplicación.

Terceira. Sistemas de adquisición e financiamento

1.- Réxime para o financiamento dos negocios xurídicos necesarios para a xestión das actuacións no suposto de compras conxuntas da Consellería de Política Social e o Servizo Galego de Saúde.

Con carácter previo ao inicio de cada expediente de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades correspondentes mediante a documentación que acredite a retención de crédito necesaria ou documentos que legalmente a substitúan, sen que sexa preciso esixir a formalización de garantías por aquel.


A compra de material poderá realizarse conxuntamente para a Consellería de Política Social e para o Servizo Galego de Saúde, dado que un dos obxectivos deste convenio e acadar un volume de compra óptimo para un mercado que nestes intres está tensionado.

Ao quedar configurada a Consellería de Política Social como órgano competente da xestión económica e financeira dos créditos destinados a financiar parte do expediente de contratación, ao tempo que a posterior contabilización das operacións contables que se deriven, o Servizo Galego de Saúde facilitaralle unha copia do expediente de contratación segundo se vaian tramitando as sucesivas fases do gasto establecidas no artigo 73 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O órgano de contratación do Servizo Galego de Saúde iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, motivando a necesidade dos contratos nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, para o que contará tamén coa información facilitada pola Consellería de Política Social.

Nos pregos que rexan a contratación deberase contemplar expresamente que o Servizo Galego de Saúde é o órgano de contratación.

O órgano de contratación ao que lle corresponda a tramitación e adxudicación dos contratos actuará nos expedientes de contratación e na execución dos contratos no



seu nome e poderá exercer todas as potestades que a lexislación recoñece ao órgano de contratación fronte aos contratistas.

Así, regularase nos pregos de condicións de xeito expreso e claro o órgano de contratación que se ocupará da tramitación, adxudicación e formalización do contrato, a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano que procederá ao abono das facturas.

A Consellería de Política Social actuará como parte do órgano financiador e será, polo tanto, o responsable directo da obriga de tramitación contable de parte do expediente así como de pagar aos contratistas as cantidades comprometidas pola execución dos contratos.

No caso no que o órgano financiador que se determine nos pregos sexa distinto do órgano de contratación, as facturas deberán ter o visto e prace do órgano de contratación previamente a súa remisión ao órgano financiador para a tramitación contable. Por tal motivo a remisión destas pola empresa contratista non se levará a cabo directamente ao órgano financiador senón a través do órgano de contratación para o seu control e aprobación, no seu caso. Neste caso, o órgano de contratación non será o responsable do aboamento das cantidades comprometidas, extremo que se deberá facer constar expresamente nos correspondentes pregos da licitación.

2.- Réxime para o financiamento dos negocios xurídicos necesarios para a xestión das actuacións en caso de aceptación de doazóns ou de outro tipo de adquisición de material sanitario.

No caso de que o material entregado á Consellería de Política Social, non proceda dunha compra centralizada, senón dunha doazón ou dunha compra centralizada do Estado, ou ven directamente do almacén estratéxico do Servizo Galego de Saúde, non se procederá a facturación do mesmo, sendo o procedemento de pago por parte da Consellería de Política Social, a realización dunha transferencia ao Servizo Galego de Saúde polo importe do custe certo que houbera tido esa mercancia, podendo ser cero en caso de doazóns.

Neste suposto o Servizo Galego de Saúde presentará a Consellería de Política Social un informe sobre o custo do material entregado que no foi adquirido segundo o punto 1 desta cláusula, a fin de que a Consellería de Política Social realice a transferencia económica correspondente.



Cuarta. Subministracións

O material será entregado naqueles almacéns que a Consellería de Política Social dispoña.

En todo caso se determina que o material a entregar segundo este ANEXO, deberá ser recibida pola Consellería de Política Social, cos correspondentes albarás de entrega, asinados e fechados conforme determine o Servizo Galego de Saúde.

A partir da data de sinatura da entrega das subministracións a Consellería de Política Social asumirá as operacións de conservación e mantemento.

Quinta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

Sexta. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente, as que a continuación se establecen:

1. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
2. O mutuo acordo entre as partes.

Sétima. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita Lei, este convenio rexerá polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Oitava. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2021.

O dito prazo prorrogarase automaticamente por períodos de seis meses, agás que se exprese por algunha das partes a vontade da súa resolución cunha antelación mínima dun mes á data de remate deste e, en todo caso, ata a declaración de fin da pandemia pola OMS.

En ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluídas a súas prórrogas.

Novena. Publicidade

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE


Julio García Comesaña

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



Fabiola García Martínez



ANEXO
RELACION DE SUBMINISTRACIÓNS



010810 - BATA PROTECTORA N/ESTERIL DUN SO USO
013943 - MANDIL PLASTIFICADO
013964 - CALZA PLASTICA
014705 - DESINFECTANTE ANTISEPTICO P/MANS 500ML
017227 - GUANTE EXAMEN NITRILO N/ESTERIL S/PO 5-6 (EPI)
017228 - GUANTE EXAMEN NITRILO N/ESTERIL S/PO 6-7 (EPI)
017229 - GUANTE EXAMEN NITRILO N/ESTERIL S/PO 7-8 (EPI)
017230 - GUANTE EXAMEN NITRILO N/ESTERIL S/PO 8-9 (EPI)
017231 - GUANTE EXAMEN NITRILO N/ESTERIL S/PO 9-10 (EPI)
023165 - CALZA TECIDO S/TECER DUN SO USO
023266 - BATA PROTECTORA IMPERMEABLE N/ESTERIL DUN SO USO
029954 - GUANTE EXAMEN DE CLORURO DE VINILO N/ESTERIL S/PO 6-7
029955 - GUANTE EXAMEN DE CLORURO DE VINILO N/ESTERIL S/PO 7-8
029956 - GUANTE EXAMEN DE CLORURO DE VINILO N/ESTERIL S/PO 8-9
035013 - MASCARA CIRURXICA TIPO II N/ESTERIL C/GOMAS
041027 - MASCARA CIRURXICA ESTERIL C/GOMAS INFANTIL
047721 - DESINFECTANTE ANTISEPTICO P/MANS 1000ML
061422 - GUANTE EXAMEN DE CLORURO DE VINILO N/ESTERIL S/PO 5-6
080501 - PANTALLA PROTECTORA FACIAL C/VISERA
087245 - GAFA PROTECCION OCULAR MONTURA ESTANCA PANORAMICA (EPI)
102168 - EPI MASCARA PROTECCION PREGADA S/VALVULA FFP2 E TIPO II
706338 - EPI MASCARA PROTECCION PREGADA S/VALVULA FFP2
706348 - EPI MASCARA PROTECCION S/VALVULA FFP2
706733 - EPI MASCARA PROTECCION PREGADA S/VALVULA KN95
706734 - EPI MASCARA PROTECCION S/VALVULA KN95 GB2626
706736 - EPI MASCARA PROTECCION C/VALVULA N95
706853 - MASCARA CIRURXICA C/GOMAS CORONAVIRUS
706964 - DESINFECTANTE SUPERFICIES ACIDO PERACETICO E PEROXIDO DE HIDROXENO 5L
706965 - DESINFECTANTE SUPERFICIES HIPOCLORITO E HIDROXIDO DE SODIO 5L
707101 - BATA PROTECTORA IMPERMEABLE N/ESTERIL DUN SO USO CORONAVIRUS
707109 - DESINFECTANTE SUPERFICIES CLORADO BACTERICIDA/FUNGICIDA/VIRICIDA/ESPORICIDA 5L
707204 - MASCARILLA CIRURXICA DUN SO USO
707221 - DESINFECTANTE ANTISEPTICO P/MANS 600ML
707256 - MASCARA CIRURXICA TIPO IR N/ESTERIL C/GOMAS
707377 - KIT MASCARILLAS CIRURXICAS (10 UDS)
707715 - DESINFECTANTE ANTISEPTICO P/MANS 500ML CORONAVIRUS
708026 - GUANTE EXAMEN NITRILO N/ESTERIL S/PO 6-7 CORONAVIRUS
708027 - GUANTE EXAMEN NITRILO N/ESTERIL S/PO 7-8 CORONAVIRUS
708028 - GUANTE EXAMEN NITRILO N/ESTERIL S/PO 8-9 CORONAVIRUS



